



La Asociación de Investigadores del Programa Isidro Parga Pondal
(AIPP)

ADJUNTA una propuesta de modificación de los Estatutos de la Universidad de La Coruña en aspectos que afectan directamente a sus condiciones de trabajo, para su toma en consideración en los debates y votación que, a tal efecto, tendrán lugar en el Claustro el próximo día 29.

Fdo. Daniel Fernández Mosquera
Tesorero de la AIPP

En A Coruña, a 23 de mayo de 2007

Sr. Rector Magnífico de la Universidad de A Coruña

**PROPOSTA DO COLECTIVO PARGA PONDAL DE MOFIFICACIÓN DOS
ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, modificou a Lei Orgánica de Universidades, e isto determina a necesidade de que cada Universidade cambie os seus Estatutos para adaptalos ás novidades introducidas pola reforma.

Aproveitando esta modificación dos Estatutos da Universidade da Coruña, o colectivo de persoas contratadas no ámbito do Programa Isidro Parga Pondal desexamos manifestar unhas propostas concretas de modificación, en aspectos que afectan directamente ás nosas condicións de traballo na Universidade. Realmente, trátase sen máis de incorporar aos Estatutos determinadas previsións acordes co espírito da reforma da LOU, que pretende incentivar a investigación dentro da Universidade e, nesta liña, impulsa a contratación de persoal exclusivamente investigador. En consecuencia, a recente reforma esixe aclarar o estatuto e as condicións do persoal investigador da Universidade, e así mesmo contemplar os requisitos para a súa estabilización, de tal modo que se evite que a Universidade perda investigadores con experiencia e dedicación demostrada.

**1. REPRESENTACIÓN NA XUNTA DE FACULTADE DO CENTRO E NO
CONSELLO DE DEPARTAMENTO:**

Se a LOU pretende impulsar a investigación na Universidade e prevé expresamente a contratación de persoal con perfil investigador, debe quedar claro que estas persoas son tamén membros da Universidade, xa que desenvolven unha labor investigadora que, xunto coa docencia, forma o conxunto dos dous pilares sobre os que se asenta esta institución. Polo tanto, é preciso tender a igualdade de dereitos entre as figuras de PDI, xa asentadas e os investigadores, que son parte tamén da comunidade universitaria; por este motivo, debe quedar clara a nosa condición membros das Xuntas dos centros e dos Consellos dos Departamentos.

Sobre a base da proposta de modificación que vai ser abordada no Claustro o próximo día 29 de maio, facemos as seguintes propostas de redacción do artigo 31 e 33 dos Estatutos:

Artigo 31.1.

1.- A Xunta de Facultade ou escola estará composta por:

(...)

c. Todos os profesores con vinculación permanente á universidade, co límite do 51 por cento do número total de membros da Xunta. Unha representación do resto profesorado que imparta docencia maioritaria no centro, dos investigadores doutores contratados de acordo con convocatorias públicas

(2)

autónomas e estatais e do persoal investigador en formación que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.

Artigo 33.1.

O Consello de Departamento estará composto por:

(...)

b. Todos os doutores vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á universidade e todos os profesores e axudantes sen título de doutor e a tempo completo integrados no departamento.

Xustificación:

Entendemos que deben quedar plenamente garantidos os nosos dereitos de participación política nos órganos de goberno da Universidade. Neste sentido estamos conformes co artigo 33.1 incluído na proposta de modificación de Estatutos que se vai debater o día 29 de maio. Sen embargo, a proposta do artigo 31.1 non deixa claros os nosos dereitos de participación na Xunta de Facultade, polo que propoñemos unha modificación.

2. REFERENCIA EXPRESA AOS PARGA PONDAL COMO PDI DA UDC E A POSIBILIDADE DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA POLA UDC

A consideración do persoal investigador como membro da comunidade universitaria, ademais de implicar a súa inclusión nas Xuntas dos centros e dos Consellos dos Departamentos, debe levar implícita a súa cualificación como Persoal Docente e Investigador da Universidade. Así mesmo, dado que a LOU incide na posibilidade de configurar persoal exclusivamente investigador na Universidade, é preciso que os Estatutos contemplan claramente esta nova figura. Isto redundará non só no beneficio dos propios investigadores, senón tamén da mesma Universidade, xa que esta é a forma de contribuir ao incremento e mellora da investigación.

Propoñemos, neste sentido, a inclusión de dous parágrafos novos nos artigo 69:

7. O persoal investigador doutor, contratado temporalmente de acordo con convocatorias públicas para a incorporación de investigadores ao sistema galego e español de ciencia e tecnoloxía, terá a consideración de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña.

8. En función das súas necesidades de persoal e de acordo coas súas posibilidades presupostarias, a Universidade poderá contratar, con carácter indefinido e dedicación a tempo completo, o persoal investigador doutor contratado de acordo con convocatorias públicas autónomas e estatais, que

no desenvolvemento da súa actividade teña superado con criterios de excelencia a acreditación correspondente.

Xustificación:

A introdución do apartado 7 é necesaria para clarificar a nosa condición de PDI da Universidade, xa que as dúbidas en torno a esa cuestión están a limitar as nosas posibilidades de acceso a axudas públicas, formación docente, representación, etc. Atopamos exemplos de previsións similares noutros Estatutos con relación a figuras similares como os investigadores Ramón y Cajal. Pódese ver neste sentido:

1. Disposición Transitoria Undécima da Universidade de Barcelona ("El personal contratado como consecuencia del Programa Ramón y Cajal se considera personal investigador a efectos de este Estatuto. La Universidad de Barcelona favorecerá la participación de este personal en las tareas docentes, tal como prevé el artículo 145 de este Estatuto").
2. Disposición transitoria Décima da Universidade de Valencia (1. El personal contratado al amparo del programa "Ramón y Cajal", del programa de incorporación de doctores y tecnólogos a grupos de investigación en el Estado español en el marco del "Programa nacional de formación de personal investigador del Plan Nacional de Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico", del programa propio de la Universitat de València de incorporación de doctores o doctoras, y de otros programas de la misma naturaleza que puedan establecerse, es personal docente e investigador").

A proposta de parágrafo 8º do artigo 69 ven xustificada pola necesidade de adaptar os estatutos ás recentes modificacións da LOU. A Lei 13/1984, de 14 de abril, de Fomento e Coordinación Xeral de la Investigación Científica e Técnica establece que as universidades poden contratar temporalmente investigadores de obra e servizo con cargo a proxectos de investigación (como xa establece o artigo 69.4 dos actuais estatutos da universidade), pero tamén prevé a posibilidade de que se poidan contratar de forma indefinida aos investigadores doutores contratados de acordo con convocatorias públicas, destinadas á incorporación de investigadores ao sistema español de ciencia e tecnoloxía. Esta previsión acaba de ser introducida na Lei 13/1984, de 14 de abril, de Fomento e Coordinación Xeral de la Investigación Científica e Técnica, pola Disposición Final Terceira da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, por la que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de 2001, de Universidades (LOU).

3. FINALIDADE DO CONTRATO DE CONTRATADO DOUTOR

Partindo da mesma fundamentación do punto anterior, coherentemente coa reforma da LOU debe modificarse ás previsións relativas á figura contractual do contratado doutor. Ata a reforma, este contrato estaba vinculado conxuntamente a actividades docentes e investigadoras, pero agora está previsto que este contrato poda ter un perfil investigador, de tal modo que a persoa contratada desenvolva prioritariamente tarefas investigadoras.

Propoñemos a inclusión do seguinte parágrafo no artigo 74:

A finalidade do contrato será a de desenvolver, con plena capacidade docente e investigadora, tarefas de docencia e de investigación, ou prioritariamente de investigación.

Xustificación

Adaptar os Estatutos ás previsións da recente modificación da LOU. Véxase o novo artigo 52 da LOU.

4. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CONTRATADOS DOUTORES

A reforma da LOU suprime as probas de habilitación para ser profesor titular de Universidade, e as substitúe por unha acreditación que concederá o órgano competente despois do exame dos méritos do solicitante. Polo tanto, se na actualidade non se esixe superar esas probas de habilitación, consistentes en tres exercicios ante un tribunal, para ser funcionario na Universidade, carece de toda lóxica manter esta tripla proba para ser un contratado laboral. Ata a agora, a selección dos profesores contratados doutores facíase tamén tras someter ao candidato a esa tripla proba, xa que se copiaba o sistema de acceso a un posto de profesor titular; agora que xa desapareceu este mecanismo de selección para os profesores titulares, non ten sentido mantelo para a figura de contratado doutor. Consecuentemente, debe preverse outro método de selección [explicar o sistema despois da votación dunha opción].

Propoñemos a seguinte modificación do artigo 84, que establece o procedemento de selección para os contratados doutores:

"El proceso de selección dos profesoras contratados doutores será mediante concurso de méritos, no que de acordo co principio de mérito e capacidade, se valoren os méritos investigadores e/ou docentes, de acordo cos baremos aprobados pola normativa da Universidade de selección de profesorado. Esta normativa da universidade establecerá criterios e baremos diferentes para as prazas de perfil docente e investigador e para as prazas con perfil prioritariamente investigador."

Xustificación:

Consideramos que o actual sistema de selección previsto no artigo 84 dos Estatutos da Universidade é excesivo. O procedemento elixiuse no seu momento a imaxe e semellanza das probas de habilitación. Unha vez que as probas acaban de desaparecer coa reforma da LOU, é razoable modificar o proceso de selección dos contratados doutores. Si a habilitación ven de converterse nunha acreditación, parece lóxico que o procedemento se converta nun concurso de méritos investigadores e/ou docentes entre doutores acreditados.

Por outra parte, entendemos que o procedemento de selección que se escolla debe tomar en consideración que o perfil das prazas pode ser docente e investigador ou prioritariamente investigador. Iso permitiría, por exemplo, que os investigadores, sen *curriculum* docente, puideran concorrer aos procesos de selección de prazas de contratado doutor con perfil investigador, sen que se lles esixa méritos docentes (ou polo menos que teñan menor importancia). Hai que ter en conta que moitos Parga Pondal non teñen *curriculum* nin experiencia docente, ademais de que parece razoable relativizar a importancia dos méritos docentes nas prazas de perfil investigador.

5. ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONTRATADO DE ACORDO CO PROGRAMA PARGA PONDAL

Agora que a LOU potencia a figura do investigador contratado, impulsando que as Universidades incorporen na súa plantilla persoas que se dediquen exclusivamente á investigación, é de xustiza incorporar unha disposición transitoria que contemple os casos das persoas que, con anterioridade a esta reforma, xa teñen desenvolvido unha longa traxectoria investigadora. A Universidade non pode desperdiciar o potencial de investigadores que, tras ter superado convocatorias públicas de selección de persoal, xa contan cunha experiencia investigadora que precisamente agora se trata de potenciar. A Universidade mesma verase beneficiada ofrecendo a posibilidade de estabilización a estas persoas, esixindo obviamente como requisito que o candidato teña superado as avaliacións e acreditacións previstas pola lexislación vixente.

Incluír unha Disposición Transitoria:

A Universidade da Coruña facilitará a integración do persoal contratado dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal como persoal docente e investigador con vinculación permanente, sempre que ao finalizar os seus contratos tiveran obtido a correspondente avaliación positiva do órgano competente de acordo coa lexislación vixente.

Xustificación:

Noutros Estatutos das Universidades españolas atopamos Disposicións transitorias similares. Este é o caso da Disposición Transitoria Quinta dos Estatutos da Universidade de Cantabria¹, da Disposición Transitoria Sétima da

¹ "La Universidad de Cantabria establecerá el procedimiento para facilitar la integración, dentro de la plantilla de profesores contratados doctores de la Universidad, del personal contratado al amparo del Programa Ramón y Cajal del Ministerio de Ciencia y Tecnología, para el desarrollo de nuevos programas, proyectos o líneas de investigación que permitan la incorporación de doctores al sistema español de ciencia y tecnología, siempre que, al término de la duración de sus contratos, obtengan la correspondiente evaluación positiva de la Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación, u órgano equivalente que la Comunidad Autónoma determine".

(6)

Universidade do País Vasco² ou da Disposición Transitoria Décimocuarta dos Estatutos da Universidade de Oviedo³.

Incluso podemos atopar exemplos de compromisos directos de estabilización de investigadores doutores contratados con cargo a convocatorias públicas. Como exemplo, podemos amosar a Disposición transitoria undécima da Universidade de Alcalá: "La Universidad de Alcalá garantizará la convocatoria a concurso de sendas plazas de profesor contratado doctor o funcionario de la categoría que corresponda, para que puedan ser cubiertas por cada uno de los contratados que ocupan actualmente una plaza del Programa Ramón y Cajal, dentro del período de vigencia de sus respectivos contratos, siempre que los candidatos posean la habilitación o, en su caso, acreditación para optar a estas plazas."

² "La UPV/EHU facilitará el tránsito de los profesores asociados al vencimiento de los plazos contenidos en la Disposición Transitoria Sexta, así como de los investigadores del Programa Ramón y Cajal al final de sus contratos, a las nuevas figuras de contratación de profesorado previstos en la Ley Orgánica de Universidades de tal forma que se favorezca la continuidad de estos profesores y su vinculación con la Universidad".

³ "La Universidad de Oviedo procurará la incorporación a su plantilla de personal docente e investigador de los doctores contratados al amparo del Programa Ramón y Cajal, siempre que cumplan con los requisitos legalmente establecidos. A tal fin, la Universidad recabará el apoyo económico de las Administraciones públicas".

Y